

## **PROCEDIMIENTO DE INSCRIPCIÓN NO CAMPUS MULTIDEPORTE DE VERÁN 2021.**

- **Organiza:** Servizo Municipal de Deportes Concello de Arteixo
- **Datas de celebración:**
  - Quenda 1: 23, 24, 25, 28, 29 y 30 de xuño
  - Quenda 2: 1, 2, 3, 6 e 7\* de setembro (\*ata o día anterior do inicio do curso escolar)
- **Horario:** de 10.00h a 14.00 h
- **Idades:** Nados desde o ano 2017 e ata 2006
- **Número prazas ofertadas:** 40 por quenda
- **Ratio:** 1/4
- **Prezo:** 24 € (1ª quenda) e 4 € / día (2ª quenda)
- **Inscripción e información:**
  - De xeito presencial no Servizo Municipal de Deportes con cita previa. 981659172.
  - A través do correo electrónico [deportes@arteixo.org](mailto:deportes@arteixo.org)

**Reunión informativa:** Primeiro día de actividade ás 10.00 h no Pazo dos Deportes, na que se explicarán as normas da actividade e o protocolo de funcionamento

**Procedemento de inscrición:** inscrición directa desde o 1 de xuño ata o venres 18 de xuño (1ª quenda) e o venres 27 de setembro (2ª quenda). O impreso de inscrición poderase recoller nas oficinas do Servizo Municipal de Deportes con cita previa ou descargalo na páxina web municipal [www.arteixox.org](http://www.arteixox.org). Deberase entregar nas oficinas do Servizo Municipal de Deportes con cita previa, en horario de atención ao público (de luns a venres de 9:00 a 14:00 horas). Do mesmo xeito poderase enviar á dirección [deportes@arteixo.org](mailto:deportes@arteixo.org). Pódese efectuar o pago do prezo público nas entidades bancarias habituais ou a través do TPV virtual na páxina web municipal (<http://www.arteixox.org/servizos/pagos-online>).

## **NORMAS DE FUNCIONAMENTO**

- Teñen preferencia as persoas que están empadroadas no Concello de Arteixo, existindo un número limitado de prazas para cada actividade, así como un número mínimo de prazas a cubrir para que a actividade se leve a cabo.
- No caso de que o Servizo Municipal de Deportes detecte falsidade nos datos o alumno causará baixa inmediata, sen dereito á devolución do importe abonado.
- As persoas que asinan a folia de inscrición fan constar que non padecen ningunha enfermidade que o incapacite para a práctica deportiva, tendo feito o oportuno recoñecemento médico.
- De conformidade co disposto na Lei Orgánica 15/99, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial e poderán ser incorporados aos correspondentes ficheiros do Concello de Arteixo, para a xestión de servizos. En calquera momento poderá exercer, en relación cos seus datos persoais, os dereitos de acceso, cancelación e rectificación e oposición comunicándoo por escrito no Rexistro Xeral do Concello.